



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 17 de outubro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 10 de outubro de 2018.
2. Concédese licenza de legalización das obras de rehabilitación de cuberta e fachada da vivenda existente na rúa Doctor Otero Ulloa, nº 20, Marín.
3. Concédese licenza de obras para acondicionamento interior do ático “C” con cambio de uso de trasteiro a vivenda, no Canellón Torres, portal nº 5, Marín.
4. Apróbase o expediente de contratación de subministración de “Equipamento da biblioteca municipal de Marín”, ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Marín.
5. Adxudícase o contrato de obras “Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns (Santomé-Marín)”, incluído no Plan de Mellora de camiños municipais 2018-2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), á empresa Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA), por importe de 27.607,59 €.
6. Rectifícase a solicitude de subvención presentada para o financiamento do investimento “Reposición de pavimentos no rural de Marín. 2018”, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018, da Deputación de Pontevedra, modificando o importe da devandita subvención a 198.169,83 euros, comprometéndose a colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 14.198,71 euros.
7. Dáse conta da comunicación sobre os prazos de xustificación dos investimentos financiados con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016, estando pendente de xustificación o investimento “Substitución de bombeo e adaptación da estación de bombeo de Lameira”.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BDD00O0M3R7O4V1G6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20180146397
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:35:04	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:35

